

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 16 DE MAIO DE 2023

Ás 10:25 horas do día 16 de maio de 2023, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 11 de maio, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. Margarita Parajó Calvo, titular da Asesoría Xurídica (asiste ao punto 2)
D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica (asiste a todos os puntos agás o punto 2)
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D. Pablo Varela Ballesteros, técnico medio de Servizos Económicos de Dirección de Ingresos
D^a. Cristina Chao Gómez, xefa do Servizo de Festas (asiste ao punto puntos 2)
D^a. Pilar Carneiro Miniño, xefa do Servizo de Xuventude (asiste aos puntos 8, 9 e 10)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación dun patrocinio publicitario para celebrar un concerto internacional no Estadio de Balaídos en xuño de 2023 (9.713-335)(emenda de documentación)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 11 de maio de 2023, na mesma data, se concedeu un prazo de tres días a SWEET NOCTURNA, S.L. para que emendase a documentación persoal. O licitador presentou documentación en prazo.

Á vista da documentación presentada por SWEET NOCTURNA, S.L. no que fai referencia ás prácticas habituais do sector dos concertos e xiras internacionais para a acreditación do requisito ao que se referiu o acordo do 11 de maio de 2023, a Mesa acorda, por



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 11:56	Páxina 1 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AD46-EBAB25-B2BHD7-FT5KRF-RTQ25P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

unanimidade, solicitar informe ao servizo xestor en relación coa contestación ao requirimento de emenda presentada pola licitadora.

4.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación dun patrocinio publicitario para celebrar un concerto internacional no Estadio de Balaídos en xuño de 2023 (9.713-335)

Retírase este asunto da orde do día porque a Mesa acordou no punto 2 solicitar informe ao servizo xestor.

8.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión e realización do programa "Verán xove: actividades de conciliación familiar" (9.643-336)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

En primeiro lugar, entrégase o informe asinado o 9 de maio de 2023 pola xefa do Servizo de Xuventude sobre a documentación presentada por TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA, S.L.U. para a acreditación dos criterios avaliábeis a través de fórmula. A Mesa acepta, por unanimidade, o referido informe.

A continuación, lémbrese que o 4 de maio de 2023, en cumprimento do acordado na sesión do día anterior, se iniciou o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP cos seguintes licitadores:

1. SUPERNOVA ASISTENCIAS, S.L.U. (lotes 1, 2, 3, 4, 5, 7, 8, 10 e 11)
2. ELISA ESTEVEZ RODRIGUEZ (lote 9)

Durante o prazo concedido, só presentou documentación SUPERNOVA ASISTENCIAS, S.L.U., da que se deu traslado ao servizo xestor.

O 11 de maio de 2023 a xefa do Servizo de Xuventude emitiu informe sobre a xustificación presentada no que conclúe "*de acordo co orzamento que presentaron e a xustificación realizada do mesmo, dedúcese que a oferta de SUPERNOVA ASISTENCIAS, S.L.U para os (lotes 1, 2, 3, 4, 5, 7, 8, 10 e 11) contén valores anormais que non permitirían a correcta execución dos contratos*".

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe e acorda propoñer ao órgano de contratación:

- Excluir deste procedemento dos licitadores que deseguido se relacionan, por entender que as súas ofertas non poden ser cumpridas como consecuencia da inclusión de valores anormais:

1. SUPERNOVA ASISTENCIAS, S.L.U. (lotes 1, 2, 3, 4, 5, 7, 8, 10 e 11)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 11:56	Páxina 2 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AD46-EBAB25-B2BHD7-FT5KRF-RTQ25P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



2. ELISA ESTEVEZ RODRIGUEZ (lote 9)

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión e realización do programa "Verán xove: actividades de conciliación familiar" (9.643-336)

Entrégase o informe asinado pola xefa do Servizo de Xuventude o 11 de maio de 2023 de valoración do sobre C "*proposición avaliable mediante fórmula*" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión e realización do programa "Verán xove: actividades de conciliación familiar" (9.643-336)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Tomar razón dos seguintes acordos adoptados pola Mesa de Contratación:

- Sesión do 25 de abril de 2023 polo que non se admite a BARAFUNDA, S.L. nos lotes 2, 3, 9, 10 e 11 deste procedemento por non presentar correctamente a súa proposición de conformidade co esixido na cláusula 14 do PCAP.
- Sesión do 3 de maio de 2023 polo que se exclúe deste procedemento aos seguintes licitadores por non acadar o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP:
 - LEONARDO BRANDAO RODRÍGUEZ (lotes 1, 2, 3, 8, 10 e 11)
 - SERVIPLUSTOTAL, S.L (lote 13)

Segundo.- Excluír deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado pola xefa do Servizo de Xuventude o 11 de maio de 2023:

1. SUPERNOVA ASISTENCIAS, S.L.U. (lotes 1, 2, 3, 4, 5, 7, 8, 10 e 11)
2. ELISA ESTEVEZ RODRIGUEZ (lote 9)

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación de servizos para a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 11:56	Páxina 3 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AD46-EBAB25-B2BHD7-FT5KRF-RTQ25P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

xestión e realización do programa "Verán xove: actividades de conciliación familiar" (9.643-336) na seguinte orde descendente:

LOTE 1. Campamento verán 1. Alcobre e praia	
CLASIFICACIÓN POR ORDE	Puntuación total
1 DANIELA ALVITE WAISMAN	92,00
2 KOREMI REHABILITACIÓN, S.L	81,13
3 SERVIPLUSTOTAL S.L	75,56
4 ELISA ESTEVEZ RODRIGUEZ	72,61
5 TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA S.L	55,28

LOTE 2. Campamento verán 2. Berbés	
CLASIFICACIÓN POR ORDE	Puntuación total
1 ACT. EXTR. Y FORMATIVAS OCIO Y DEPORTE DE GALICIA, S.L	76,00
2 ELISA ESTEVEZ RODRIGUEZ	74,35
3 SERVIPLUSTOTAL S.L	68,28

LOTE 3. Campamento verán 3. Centro cidade	
CLASIFICACIÓN POR ORDE	Puntuación total
1 ELISA ESTEVEZ RODRIGUEZ	85,00
2 SERVIPLUSTOTAL S.L	68,28

LOTE 4. Campamento verán 4. Pavillón de Coia	
CLASIFICACIÓN POR ORDE	Puntuación total
1 ELISA ESTEVEZ RODRIGUEZ	81,28
2 KOREMI REHABILITACIÓN, S.L	81,08
3 ACT. EXTR. Y FORMATIVAS OCIO Y DEPORTE DE GALICIA, S	76,00
4 SERVIPLUSTOTAL S.L	61,12

LOTE 5. Campamento verán 5. NÁUTICO 1	
CLASIFICACIÓN POR ORDE	Puntuación total
1 TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA S.L	92,00





LOTE 6. Campamento verán 6. NÁUTICO 2	
CLASIFICACIÓN POR ORDE	Puntuación total
1 SUPERNOVA ASISTENCIAS S.L.U	85,00
2 TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA S.L	48,46

LOTE 7. Campamento verán 7. NAVIA	
CLASIFICACIÓN POR ORDE	Puntuación total
1 DANIELA ALVITE WAISMAN	92,00
2 KOREMI REHABILITACIÓN, S.L	81,08
3 ELISA ESTEVEZ RODRIGUEZ	79,16
4 SERVIPLUSTOTAL S.L	61,12

LOTE 8. Campamento verán 8. Samil e praia	
CLASIFICACIÓN POR ORDE	Puntuación total
1 ELISA ESTEVEZ RODRIGUEZ	78,27
2 ACT. EXTR. Y FORMATIVAS OCIO Y DEPORTE DE GALICIA, S	76,00
3 SERVIPLUSTOTAL S.L	74,68
4 TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA S.L	44,78

LOTE 9. Campamento verán 9. Vigosónico	
CLASIFICACIÓN POR ORDE	Puntuación total
1 SUPERNOVA ASISTENCIAS S.L.U	92,00
2 SERVIPLUSTOTAL S.L	52,53

LOTE 10. Campamento verán 10. Vigozoo	
CLASIFICACIÓN POR ORDE	Puntuación total
1 UTE XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL E CERQUIÑO S. COOP. GALEGA.	82,52
2 ELISA ESTEVEZ RODRIGUEZ	77,87
3 ACT. EXTR. Y FORMATIVAS OCIO Y DEPORTE DE GALICIA, S	76,00
4 SERVIPLUSTOTAL S.L	71,06



LOTE 11. Campamento verán 11.CEIP	
CLASIFICACIÓN POR ORDE	Puntuación total
1 ELISA ESTEVEZ RODRIGUEZ	85,00
2 SERVIPLUSTOTAL S.L	68,28

LOTE 12. Campamento verán 12. Travesas	
CLASIFICACIÓN POR ORDE	Puntuación total
1 SUPERNOVA ASISTENCIAS S.L.U	92,00

LOTE 13. Campamento verán 13. Vigozoo albergue con pernocta	
CLASIFICACIÓN POR ORDE	Puntuación total
1 UTE XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL E CERQUIÑO S. COOP. GALEGA.	99,00

Cuarto.- Requerir aos licitadores clasificados en primeiro lugar en cada lote, DANIELA ALVITE WAISMAN (44.844.142-F) (lotes 1 e 7), ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES Y FORMATIVAS OCIO Y DEPORTE DE GALICIA, S.L. (B-27.774.843) (lote 2), ELISA ESTEVEZ RODRIGUEZ (34.904.364-R) (lotes 3, 4, 8 e 11), TIERRA Y MAR MULTIASENTURA, S.L.U. (B-27.753.573) (lote 5), SUPERNOVA ASISTENCIAS, S.L.U. (B-94.011.665) (lotes 6, 9 e 12) e UTE XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. e CERQUIÑO S. COOP. GALEGA (B-27.762.681 e F-27.854.900, respectivamente) (lotes 10 e 13), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

Quinto.- En aplicación do previsto no apartado 2D do Anexo I -FEC- do PCAP, dado que ELISA ESTEVEZ RODRIGUEZ resultou clasificada en máis de 3 lotes (lotes 3, 4, 8 e 11), concédesele un prazo de 3 días para que escolla os 3 lotes dos que quere ser adxudicataria.

Sexto.- Á vista da elección de ELISA ESTEVEZ RODRIGUEZ, o Servizo de Contratación procederá a requirir a correspondente documentación ao licitador clasificado en segundo lugar no lote que non elixa.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 11:56	Páxina 6 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AD46-EBAB25-B2BHD7-FT5KRF-RTQ25P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



11.- Propostas de adjudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de licenzas Windows de estacións de traballo, actualización-mantemento de licenzas CITRIX e VEEAM BACKUP (10.056-113)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en segundo lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de licenzas Windows de estacións de traballo, actualización-mantemento de licenzas CITRIX e VEEAM BACKUP (10.056-113)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 3 de marzo de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

"PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto e ordinario coa finalidade de realizar a contratación da adquisición e actualización-mantemento de licenzas de entornos VDA Windows/Citrix (2023-2027), no que constan:

1.- En data 31/01/2023 o Xefe de servizo de Administración Electrónica, iniciou o expediente coa finalidade da contratación da adquisición e actualización-mantemento de licenzas de entornos VDA Windows/Citrix (2023-2027).

2.- No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 30/01/2023 e co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal de 01/02/2023.

- Memoria económica do contrato de data 02/02/2023, asinada polo xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal.

- Documentos económicos sobre a existencia de crédito de data 03/02/2023 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.

- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 03/02/2022 asinado polo xefe do servizo de Administración Electrónica.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 11:56	Páxina 7 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AD46-EBAB25-B2BHD7-FT5KRF-RTQ25P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Memoria xustificativa do contrato de data 08/02/2023, asinada polo xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal.

- Informe da Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación de data 09/02/2023, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación de data 20/02/2023.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 249.905,06 €, que inclúe un I.V.E. de 43.371,95 €, dende o 31 de marzo de 2023, segundo o seguinte detalle de partidas e exercicios:

Exercicio	concepto	partida/ Proxecto	base	ive	total
2023	Licencias de produtos informáticos	9207.2090000	46.620,00 €	9.790,20 €	56.410,20 €
2023	Mantemento Software	9207.2279902	22.224,37 €	4.667,12 €	26.891,49 €
2024	Licencias de produtos informáticos	9207.2090000	46.620,00 €	9.790,20 €	56.410,20 €
2024	Mantemento Software	9207.2279902	22.224,37 €	4.667,12 €	26.891,49 €
2025	Licencias de produtos informáticos	9207.2090000	46.620,00 €	9.790,20 €	56.410,20 €
2025	Mantemento Software	9207.2279902	22.224,37 €	4.667,12 €	26.891,49 €
TOTAL			206.533,11 €	43.371,95 €	249.905,06 €

TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 31 de marzo de 2023 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de licenzas Windows de estacións de traballo, actualización-mantemento de licenzas CITRIX e VEEAM BACKUP (10056-113) na seguinte orde descendente:



Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



	Licitador	Prezo sen IVE
1	EVELB TÉCNICAS Y SISTEMAS, S.L	205.105,34 €
2	OZONA TECNOLOGÍAS DE LA INFORMACIÓN, S.L.	206.309,05 €

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, EVELB TÉCNICAS Y SISTEMAS, S.L (B70240320), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares."

Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, EVELB TÉCNICAS Y SISTEMAS, S.L, o día 4 de abril de 2023, que presenta a documentación requirida o 20 de abril, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- Con data do 25 de abril de 2023 a Mesa de Contratación, unha vez revisada a documentación presentada por EVELB TÉCNICAS Y SISTEMAS, S.L. acordou concederlle un prazo de 3 días para a emenda da solvencia técnica. O licitador presentou documentación dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación, na sesión que tivo lugar o 3 de maio de 2023, constatou que a solvencia técnica acreditada por EVELB TÉCNICAS Y SISTEMAS, S.L. resulta insuficiente tendo en conta os requisitos esixidos na cláusula 8.8.3º do PCAP e acordou solicitar a mesma documentación ao licitador clasificado en segundo lugar, OZONA TECNOLOGÍAS DE LA INFORMACIÓN, S.L., en cumprimento do previsto no artigo 150.2 da LCSP.

Quinto.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en segundo lugar, OZONA TECNOLOGÍAS DE LA INFORMACIÓN, S.L., o día 5 de maio de 2023, que presenta a documentación requirida o 11 de maio, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 16 de maio de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 11:56	Páxina 9 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AD46-EBAB25-B2BHD7-FT5KRF-RTQ25P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en segundo lugar OZONA TECNOLOGÍAS DE LA INFORMACIÓN, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A segunda oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por OZONA TECNOLOGÍAS DE LA INFORMACIÓN, S.L., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliáveis mediante fórmula de data 27 de marzo de 2023.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *"Tomar razón do acordo da Mesa de Contratación de data 3 de maio de 2023 no que se constata que EVELB TÉCNICAS Y SISTEMAS, S.L. non cumprimentou adecuadamente o requirimento ao que se refire o artigo 150.1 da LCSP e se acorda solicitar a mesma documentación ao licitador clasificado en segundo lugar, OZONA TECNOLOGÍAS DE LA INFORMACIÓN, S.L., en cumprimento do previsto no artigo 150.2.*
2. *Adxudicar a OZONA TECNOLOGÍAS DE LA INFORMACIÓN, S.L. (B-15.834.872) o procedemento aberto para a contratación do subministro de licenzas Windows de estacións de traballo, actualización-mantemento de licenzas CITRIX e VEEAM BACKUP (10.056-113) por un prezo total de 249.633,95 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 43.324,90 euros.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 11:56	Páxina 10 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AD46-EBAB25-B2BHD7-FT5KRF-RTQ25P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 12:25, logo dun receso entre as 10:50 e as 12:15 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 11:56	Páxina 11 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AD46-EBAB25-B2BHD7-FT5KRF-RTQ25P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		